Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestasen servizos externalizados por ditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

Solo se valorará a experiencia profesional que se posúa ata a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, non tomándose en consideración a experiencia acumulada con posterioridade a dita data.

Computaranse como experiencia profesional os períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa sempre que se acrediten documentalmente.

En ningún caso se computará como experiencia profesional os servizos prestados como becario ou a través dun contrato de formación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

MÉRITOS FORMACIÓN CONTINUA:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado de será de 6 puntos consonte ao seguinte detalle:

FORMACIÓN CONTINUA:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado é de 6 puntos consonte ao seguinte detalle:

Por ter realizado cursos de formación relacionados co posto de traballo a cubrir impartidos polas Administracións Públicas, Universidades, centros públicos ou concertados, organismos oficiais e outra formación homologada (non serán obxecto de valoración os cursos impartidos por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada; tampouco se valorarán as xornadas nin as asignaturas, materias ou módulos superados que formen parte dunha titulación académica, incluídos os másteres oficiais impartidos polas universidades baixo a denominación de títulos propios):

- Por cada curso con duración igual ou superior a 10 horas: 0,10 puntos.
- Por cada curso de duración igual ou superior a 20 horas: 0,20 puntos.
- Por cada curso de duración igual ou superior a 30 horas: 0,30 puntos.
- Por cada curso de duración igual ou superior a 50 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de duración igual ou superior a 75 horas: 0,60 puntos.
- Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas: 0,65 puntos.
- Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas: 0,70 puntos.
- Pola superación do Curso de linguaxe administrativa galega nivel medio ou equivalente: 0,90.

Solo se valorarán aquela formación continua que estea directamente relacionada coas funcións e tarefas do posto de traballo de praza que se convoca (Operario/a).

Solo se valorarán aquelas actividades formativas nas que conste acreditado, no correspondente diploma ou certificación, o número de horas de duración do curso.

Non se valorarán:

- A formación continua rematada con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2010, agás prevención de riscos laborais ou a igualdade e violencia de xénero.
- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutorado.
- Os módulos ou partes integrante dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de empregados públicos.
- A docencia impartida.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

O tribunal cualificador poderá requirirlles ás persoas aspirantes, que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

**Fase oposición.-** Consistirá na realización de tres probas establecidas polo tribunal, e que se describen da seguinte maneira:

1º Exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na realización dun test de 20 preguntas que versan sobre o temario do Anexo destas bases, con catro respostas alternativas e unha soa correcta. Establecéndose un máximo de 20 minutos para a realización desta proba.

2º Exercicio.- De carácter obrigatorio a eliminatorio consistirá nunha proba práctica con un ou varios supostos a desenvolver ou desenvolver tarefas que proporá o tribunal relacionadas co temario específico que permitirá avaliar a capacidade dos aspirantes.

O tempo de realización da proba será determinado polo tribunal.

O criterio esencial de valoración desta proba é a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

3º.- Exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como apto ou non apto quedando exentos da súa realización os que acrediten posuír o Nivel de Celga 2 aos que se lles outorgará a cualificación "Apto/a".

Para os efectos de seren eximidos da realización deste exercicio, os aspirantes deberán acompañar os documentos da realización do curso de galego citado ou equivalente no momento de presentación de instancias de conformidade co establecido na base 5 das bases xerais.

**Cualificación dos exercicios da oposición.**

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición cualificarase con entre cero (0) e vinte (20) puntos, con excepción do exercicio de galego que se valorará segundo establece o apartado 2 desta base, correspondéndolle ao tribunal determinar a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas.

Para aqueles exercicios que consistan na realización dunha proba tipo test, todas as preguntas terán o mesmo valor e penalizaranse as preguntas mal contestadas, de forma que por cada 3 preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou a súa parte proporcional 2/0,66 e 1/0,33, Non penalizarán as preguntas non contestadas.

Neste tipo de exercicios quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen o persoal asinante ou sinais ou marcas que puidesen romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

2. O exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como Apto ou non apto quedando exentos de o realizaren os que acrediten posuír o Nivel de Celga que se especifique nas bases específicas, aos que se lles outorgará a cualificación “Apto/a”.

3. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

4. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas ambas as dúas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada na fase de oposición:

— Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.
— Maior puntuación no exercicio práctico.
— Maior puntuación no exercicio tipo test.
— Por sorteo.

*ANEXO TEMARIO*

**PARTE XERAL**

Tema 1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Os valores superiores. Os principios constitucionais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas, a súa garantía e a suspensión. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.

Tema 2. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais

**PARTE ESPECÍFICA**

Tema 3. O peón relacionado co oficio de albanelaría. Ferramentas e útiles. Tarefas a desenvolver. Definición: xeso, cemento, cal, áridos, ladrillos.

Tema 4. O peón relacionado co oficio de pintura. Tarefas a desenvolver. Útiles, ferramentas, equipos e medios auxiliares asociados aos traballos de pintura decorativa. Tipos, características, uso, aplicacións, selección, manexo e mantemento. Regularidade de tono e textura.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Tema 5. O peón relacionado co oficio de xardinería. O Céspede: especies utilizadas en xardinería, plantación, sementa, labores de mantemento. Plantación de vivaces e plantas de temporada. Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes. Mantemento e restauración do xardín. Rego e aboado do xardín ou da zona verde. Mantemento dos elementos non vexetais do xardín ou zona verde. Desprazamentos e traballos en altura.

Tema 6. O peón relacionado co oficio de electricidade. Introdución á electricidade. Conceptos básicos. Ferramentas e útiles. Instalacións de alta e baixa tensión. Materiais empregados en electricidade. Tarefas a desenvolver.

Tema 7. O peón relacionado co oficio de fontanaría e calefacción. Mantemento de instalacións de fontanería. Instalacións de fontanería: tipos, características, clases de avarías e métodos de reparación. Rede de saneamento vertical e horizontal: avarías, métodos de reparación.

Tema 8. O peón relacionado co oficio de mecánica. Introdución á mecánica. Conceptos básicos. Ferramentas e útiles. Materiais empregados en mecánica. Tarefas a desenvolver.

Tema 9. Protección ambiental. Nocións básicas sobre contaminación ambiental. Principais riscos ambientais relacionados ás funcións da categoría.

Tema 10. Prevención de riscos laborais. Riscos laborais específicos nas funcións do peón, medidas de protección individuais e colectivas.

*BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS (3) VACANTES DE PERSOAL DE LIMPEZA PERSOAL LABORAL FIXO (75% XORNADA).*

**Obxecto.-** É obxecto a provisión de tres (3) prazas vacantes de Persoal de Limpeza (75% xornada) e incluída na OPE do exercicio 2025 (BOPPO número 56 do 24/03/2025).

Dotada coas retribucións básicas correspondentes e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscribe a praza.

**Clasificación.-** Departamento de Servizos Básicos (Unidade de limpeza e mantemento instalacións)

**Condicións dos aspirantes.-** Ademais dos establecidos na base terceira das bases xerais aprobadas por este Concello para tomar parte das probas de selección, será necesario:

— Non se exixe titulación académica.
— Celga 2

**Sistema de Selección.-** Establécese o sistema de concurso-oposición libre.

**Valoración da fase concurso:**

Será previa a da fase de oposición nos termos previstos no parágrafo terceiro do apartado c) do artigo 4 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

A puntuación máxima alcanzable nesta fase de concurso será de 25,00 puntos consonte ao seguinte detalle:

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado de será de 19,00 puntos consonte ao seguinte detalle:

- Por cada mes completo de servizos prestados nas administracións públicas como persoal funcionario ou laboral en postos de traballo con funcións propias ou asimiladas á praza que se convoca (Persoal de limpeza) ou prazas equivalentes a esta: 0,20 puntos.

  A acreditación documental dos méritos consistentes na experiencia profesional (servizos prestados) deberá facerse en documento orixinal expedido polo órgano competente da Administración Pública de que se trate, na que deberán figurar, como mínimo os seguintes datos:
- Vínculo xurídico: (funcionario de carreira, interino, laboral fixo, laboral temporal, indefinido non fixo ou outros).
- Tipo de contrato ou nomeamento.
- Denominación do posto de traballo.
- Subescala/clase ou categoría profesional.
- Grupo ou Subgrupo.
- Data de inicio.
- Data de remate.
- Tipo de xornada. (completa ou a tempo parcial indicando neste caso o número de horas diarias e/ou semanais).

Non se terán en conta as fraccións inferiores a un mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de xeito proporcional. A estes efectos entenderase como xornada completa a de 35 ou mais horas semanais ou de 7 horas diarias.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados. Non obstante o tribunal poderá dar vista ao aspirante para a súa aclaración.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

Tampouco se computarán os servizos realizados como persoal eventual, os servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin as becas de colaboración ou de formación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestasen servizos externalizados por ditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

Solo se valorará a experiencia profesional que se posúa ata a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, non tomándose en consideración a experiencia acumulada con posterioridade a dita data.

Computaranse como experiencia profesional os períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa sempre que se acrediten documentalmente.

En ningún caso se computará como experiencia profesional os servizos prestados como becario ou a través dun contrato de formación.

MÉRITOS FORMACIÓN CONTINUA:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado de será de 6 puntos consonte ao seguinte detalle:

FORMACIÓN CONTINUA:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado é de 6 puntos consonte ao seguinte detalle:

Por ter realizado cursos de formación relacionados co posto de traballo a cubrir impartidos polas Administracións Públicas, Universidades, centros públicos ou concertados, organismos oficiais e outra formación homologada (non serán obxecto de valoración os cursos impartidos por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada; tampouco se valorarán as xornadas nin as asignaturas, materias ou módulos superados que formen parte dunha titulación académica, incluídos os másteres oficiais impartidos polas universidades baixo a denominación de títulos propios):

— Por cada curso con duración igual ou superior a 10 horas: 0,10 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 20 horas: 0,20 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 30 horas: 0,30 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 50 horas: 0,50 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 75 horas: 0,60 puntos.
— Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas: 0,65 puntos.
— Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas: 0,70 puntos.
— Pola superación do Curso de linguaxe administrativa galega nivel medio ou equivalente: 0,90.

Solo se valorarán aquela formación continua que estea directamente relacionada coas funcións e tarefas do posto de traballo de praza que se convoca (Persoal de limpeza).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Solo se valorarán aquelas actividades formativas nas que conste acreditado, no correspondente diploma ou certificación, o número de horas de duración do curso.

Non se valorarán:

— A formación continua rematada con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2010, agás prevención de riscos laborais ou a igualdade e violencia de xénero.
— A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
— As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
— Os cursos de doutorado.
— Os módulos ou partes integrante dun curso.
— Os cursos que formen parte dos procesos de selección de empregados públicos.
— A docencia impartida.

O tribunal cualificador poderá requirirlles ás persoas aspirantes, que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

**Fase oposición.-** Consistirá na realización de tres probas establecidas polo tribunal, e que se describen da seguinte maneira:

1º Exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na realización dun test de 20 preguntas que versan sobre o temario do Anexo destas bases, con catro respostas alternativas e unha soa correcta. Establecéndose un máximo de 20 minutos para a realización desta proba.

2º Exercicio.- De carácter obrigatorio a eliminatorio consistirá nunha proba práctica con un ou varios supostos a desenvolver ou desenvolver tarefas que proporá o tribunal relacionadas co temario específico que permitirá avaliar a capacidade dos aspirantes.

O tempo de realización da proba será determinado polo tribunal.

O criterio esencial de valoración desta proba é a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

3º.- Exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como apto ou non apto quedando exentos da súa realización os que acrediten posuír o Nivel de Celga 2 aos que se lles outorgará a cualificación “Apto/a”.

Para os efectos de seren eximidos da realización deste exercicio, os aspirantes deberán acompañar os documentos da realización do curso de galego citado ou equivalente no momento de presentación de instancias de conformidade co establecido na base 5 das bases xerais.

**Cualificación dos exercicios da oposición.**

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición cualificarase con entre cero (0) e vinte (20) puntos, con excepción do exercicio de galego que se valorará segundo establece o apartado 2 desta base, correspondéndolle ao tribunal determinar a puntuación (nota

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

de corte) esixida para superar o exercicio que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas.

Para aqueles exercicios que consistan na realización dunha proba tipo test, todas as preguntas terán o mesmo valor e penalizaranse as preguntas mal contestadas, de forma que por cada 3 preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou a súa parte proporcional 2/0,66 e 1/0,33, Non penalizarán as preguntas non contestadas.

Neste tipo de exercicios quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen o persoal asinante ou sinais ou marcas que puidesen romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

2. O exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como Apto ou non apto quedando exentos de o realizaren os que acrediten posuír o Nivel de Celga que se especifique nas bases específicas, aos que se lles outorgará a cualificación "Apto/a".

3. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

4. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas ambas as dúas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada na fase de oposición:

— Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.
— Maior puntuación no exercicio práctico.
— Maior puntuación no exercicio tipo test.
— Por sorteo.

*ANEXO TEMARIO*

**PARTE XERAL**

Tema 1. A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Os valores superiores. Os principios constitucionais. Dereitos fundamentais e liberdades públicas, a súa garantía e a suspensión. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Tema 2. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

**PARTE ESPECÍFICA**

Tema 3. Fregado de chans (concepto, tipo de métodos, materiais e produtos, metodoloxía de traballo). Os produtos de limpeza: definición de fichas técnicas de seguridade de produtos.

Tema 4. Eliminación de diferentes tipos de manchas das superficies lavables: exemplo sangue, tinta, chicles, cal da auga, óxido, graxas. Limpeza en superficies e mobiliario non lavable.

Tema 5. Definir e coñecer os seguintes termos: limpeza común, deterxente aniónico neutro. Desinfección de superficies en xeral: a lixivia. desinfectante aldehídico de alto espectro. Mopa: a fliselina. Eliminar manchas: en pintura plástica e outro tipo de pinturas. As microfibras.

Tema 6. Procedementos xerais de limpeza e hixiene, en centros de saúde. Normas de manipulación e recollida de residuos urbanos e asimilables a urbanos. Manipulación e recollida de colectores de residuos perigosos. Identificar os diferentes tipos de colectores perigosos: infecciosos e produtos químicos. O varrido húmido (concepto, materiais, metodoloxía de traballo).

Tema 7. Procedementos xerais de limpeza e hixiene, en centros de ensinanza. Limpeza en áreas de laboratorios. Materiais e produtos. Metodoloxía: zonas limpas e zonas sucias. Limpeza do mobiliario (materiais e produtos).

Tema 8. Procedementos xerais de limpeza e hixiene, en instalacións municipais en xeral. Oficinas de administración. Vestiarios de persoal. Halls e salas de espera. Corredores. Escaleiras comúns. Ascensores. Aseos públicos: materiais e produtos, metodoloxía de traballo: polo seu maior uso, limpeza en profundidade e revisións periódicas.

Tema 9. Protección ambiental. Impactos ambientais asociados aos traballos de limpeza. Recollida e selección de residuos. Almacenamento e retirada de residuos

Tema 10. Prevención de riscos laborais específica do persoal de limpeza. Riscos e factores de risco inherentes ao traballo. Medios de prevención. Prevención e protección colectiva. Equipos de protección individual ou EPI's. Sinalización nas labores de limpeza. Normalización dos sinais.

*BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN DÚAS (2) PRAZAS VACANTES DE TRABALLO SOCIAL PERSOAL FUNCIONARIO.*

**Obxecto.-** É obxecto a provisión dúas (2) praza vacante de Traballo Social e incluída na OPE do exercicio 2025 (BOPPO número 56 do 24/03/2025 e número 11 do 12/06/2025).

Enmarcada no Grupo A, subgrupo A2; Escala, Administración especial; subescala Técnica; Clase, Media. Estará dotada coas retribucións básicas que legalmente corresponden ao Subgrupo A2, e as complementarias propias do posto de traballo ao que resulte adscrita a praza do/a aspirante. As prazas na actual RPT figuran con complemento de destino 24 e 22, respectivamente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

**Clasificación.-** Departamento Benestar Social (Servizos Sociais)

**Condicións dos aspirantes.-** Ademais dos establecidos na base terceira das bases xerais aprobadas por este Concello para tomar parte das probas de selección, será necesario:

— Posuír a titulación exixida: Título universitario de grao ou equivalente. Especialidade Traballo Social.

— Celga 4

— Estar en posesión do permiso de conducir B

**Sistema de Selección.-** Establécese o sistema de concurso-oposición libre.

**Valoración da fase concurso:**

Será previa a da fase de oposición nos termos previstos no parágrafo terceiro do apartado c) do artigo 4 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

A puntuación máxima alcanzable nesta fase de concurso será de 25,00 puntos consonte ao seguinte detalle:

EXPERIENCIA PROFESIONAL:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado de será de 16,00 puntos consonte ao seguinte detalle:

- Por cada mes completo de servizos prestados nas administracións públicas como persoal funcionario ou laboral en postos de traballo con funcións propias ou asimiladas á praza que se convoca (Traballo Social) ou prazas equivalentes a esta: 0,20 puntos.

  A acreditación documental dos méritos consistentes na experiencia profesional (servizos prestados) deberá facerse en documento orixinal expedido polo órgano competente da Administración Pública de que se trate, na que deberán figurar, como mínimo os seguintes datos:
- Vínculo xurídico: (funcionario de carreira, interino, laboral fixo, laboral temporal, indefinido non fixo ou outros).
- Tipo de contrato ou nomeamento.
- Denominación do posto de traballo.
- Subescala/clase ou categoría profesional.
- Grupo ou Subgrupo.
- Data de inicio.
- Data de remate.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

- Tipo de xornada. (completa ou a tempo parcial indicando neste caso o número de horas diarias e/ou semanais).

Non se terán en conta as fraccións inferiores a un mes, entendendo un mes por 30 días naturais.

Os servizos prestados a tempo parcial computaranse de xeito proporcional. A estes efectos entenderase como xornada completa a de 35 ou mais horas semanais ou de 7 horas diarias.

No caso de que os documentos aportados non xustifiquen plenamente os méritos alegados dando lugar a dúbidas ao tribunal, os mesmos non se terán en conta e non serán valorados, nin puntuados. Non obstante o tribunal poderá dar vista ao aspirante para a súa aclaración.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.

Tampouco se computarán os servizos realizados como persoal eventual, os servizos suxeitos á lexislación de contratos do sector público, en réxime de colaboración social, os períodos de prácticas formativas nin as becas de colaboración ou de formación.

Así mesmo tampouco se computará como experiencia no ámbito das Administracións Públicas a adquirida ao servizo de empresas que prestasen servizos externalizados por ditas Administracións, nin tampouco en empresas privadas.

Solo se valorará a experiencia profesional que se posúa ata a data de inicio do prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo, non tomándose en consideración a experiencia acumulada con posterioridade a dita data.

Computaranse como experiencia profesional os períodos de excedencia por coidado de familiares, violencia de xénero, servizos especiais e/ou excedencia forzosa sempre que se acrediten documentalmente.

En ningún caso se computará como experiencia profesional os servizos prestados como becario ou a través dun contrato de formación.

MÉRITOS ACADÉMICOS E FORMACIÓN CONTINUA:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado de será de 9 puntos consonte ao seguinte detalle:

MÉRITOS ACADÉMICOS:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado é de 4,5 puntos consonte ao seguinte detalle:

Valóranse outras titulacións académicas distintas da esixida como requisito para o acceso á praza convocada e de acordo co seguinte baremo:

- Título de Posgrao , máster ou equivalente: 4,50 puntos.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

homologación do título. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Para a valoración dunha titulación neste apartado deberá achegarse, ademais da titulación que se pretende valorar, aquela que se require como requisito de acceso.

De non proceder desta forma non se lle outorgará ningunha puntuación neste apartado.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para obtención dunha titulación superior.

FORMACIÓN CONTINUA:

A puntuación máxima alcanzable neste apartado é de 4,50 puntos consonte ao seguinte detalle:

Por ter realizado cursos de formación relacionados co posto de traballo a cubrir impartidos polas Administracións Públicas, Universidades, centros públicos ou concertados, organismos oficiais e outra formación homologada (non serán obxecto de valoración os cursos impartidos por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada; tampouco se valorarán as xornadas nin as asignaturas, materias ou módulos superados que formen parte dunha titulación académica, incluídos os másteres oficiais impartidos polas universidades baixo a denominación de títulos propios):

— Por cada curso con duración igual ou superior a 10 horas: 0,10 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 20 horas: 0,20 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 30 horas: 0,30 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 50 horas: 0,50 puntos.
— Por cada curso de duración igual ou superior a 75 horas: 0,60 puntos.
— Por cada curso con duración igual ou superior a 100 horas: 0,65 puntos.
— Por cada curso con duración igual ou superior a 150 horas: 0,70 puntos.
— Pola superación do Curso de linguaxe administrativa galega nivel medio ou equivalente: 0,90 puntos.
— Pola superación do Curso de linguaxe administrativa galega nivel superior ou equivalente: 1,00 puntos.

Solo se valorarán aquela formación continua que estea directamente relacionada coas funcións e tarefas do posto de traballo de praza que se convoca (Traballo Social).

Solo se valorarán aquelas actividades formativas nas que conste acreditado, no correspondente diploma ou certificación, o número de horas de duración do curso.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Non se valorarán:

- A formación continua rematada con anterioridade ao día 1 de xaneiro de 2010, agás prevención de riscos laborais ou a igualdade e violencia de xénero.
- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutorado.
- Os módulos ou partes integrante dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de empregados públicos.
- A docencia impartida.

O tribunal cualificador poderá requirirlles ás persoas aspirantes, que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

**Fase oposición.-** Consistirá na realización de tres probas establecidas polo tribunal, e que se describen da seguinte maneira:

Primeiro exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario común e as do temario específico anexo a estas bases, que será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio. O tempo máximo para a realización da proba será de 60 minutos.

Segundo exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado do temas "A) Temas xerais" e o resto ao apartado "B) Temas específicos".

Terceiro exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido.

Cuarto exercicio. Exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como apto ou non apto, quedando exentos da súa realización os que acreditaran posuír o Nivel de Celga 4.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Para os efectos de seren eximidos da realización deste exercicio, os aspirantes deberán acompañar os documentos da realización do curso de galego citado ou equivalente no momento de presentación de instancias.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, de conformidade co establecido na base 5 das bases xerais.

**Cualificación dos exercicios da oposición.**

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición cualificarase con entre cero (0) e vinte (20) puntos, con excepción do exercicio de galego que se valorará segundo establece o apartado 2 desta base, correspondéndolle ao tribunal determinar a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas.

Para aqueles exercicios que consistan na realización dunha proba tipo test, todas as preguntas terán o mesmo valor e penalizaranse as preguntas mal contestadas, de forma que por cada 3 preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou a súa parte proporcional 2/0,66 e 1/0,33, Non penalizarán as preguntas non contestadas.

Neste tipo de exercicios quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen o persoal asinante ou sinais ou marcas que puidesen romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

2. O exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como Apto ou non apto quedando exentos de o realizaren os que acrediten posuír o Nivel de Celga que se especifique nas bases específicas, aos que se lles outorgará a cualificación "Apto/a".

3. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

4. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas ambas as dúas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada na fase de oposición:

- Cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración pública galega se verificase a infrarrepresentación do sexo feminino, na oferta de emprego público establecerase que, se existiran méritos iguais entre dous ou máis persoas candidatas, serán admitidas as mulleres.

— Maior puntuación no exercicio práctico.

— Maior puntuación no exercicio tipo test.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

— Por sorteo.

*ANEXO TEMARIO*

**A) TEMARIO XERAL**

Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2. A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.

Tema 3. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 4. O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.

Tema 5. Organización municipal. Competencias.

Tema 6. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 7. Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.

Tema 8. Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros

Tema 9. Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma de contrato.

Tema 10. A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.

Tema 11. Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso administrativo.

Tema 12. Principios orzamentarios na Lei reguladora das facendas locais

**B) TEMARIO ESPECÍFICO**

Tema 1. Historia e evolución do sistema de protección social en España.

Tema 2. O sistema público dos servizos sociais no marco dunha política de Benestar Social

Tema 3. A política social na Unión Europea: Marco legal. Carta Social Europea. Os Plans Nacionais de Inclusión. As políticas europeas para a inclusión social activa.

Tema 4. Marco legal dos servizos sociais. A Constitución española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 5. Lei de servizos sociais de Galicia: estrutura e contido.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Tema 6. Os servizos sociais comunitarios: estrutura e contidos. Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos: funcións e programas.

Tema 7. Os servizos sociais especializados. Definición, principios, obxectivos e competencias.

Tema 8. O traballo social como disciplina: concepto e desenvolvemento. O traballo social no conxunto das ciencias sociais.

Tema 9. Fundamentos, principios e funcións básicas do traballo social. Código deontolóxico dos traballadores sociais.

Tema 10. Metodoloxía do traballo social. Modelos máis usados no traballo social. Modelo sistémico.

Tema 11. A planificación e programación nos servizos sociais, técnicas aplicadas ao traballo social.

Tema 12. A avaliación dos programas e proxectos sociais no marco dos servizos sociais comunitarios básicos. Técnicas e indicadores para ter en conta.

Tema 13. Os sistemas de información ao servizo da atención social. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social. Protección de datos nos servizos sociais.

Tema 14. Técnicas e instrumentos empregados no Traballo Social.

Tema 15. As necesidades sociais: concepto, características e tipoloxía.

Tema 16. A Seguridade Social en España. Evolución e prestacións actuais.

Tema 17. Incapacidade temporal e incapacidade permanente: concepto, graos, requisitos, duración e contía da prestación económica.

Tema 18. O emprego como factor social de inclusión. Desemprego. Prestacións. Emprego Social protexido.

Tema 19. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade entre homes e mulleres. Estrutura e contido. Contexto europeo neste eido.

Tema 20. A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

Tema 21. Regulación do procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de dependencia e procedemento de elaboración do PIA da Comunidade Autónoma Galega.

Tema 22. As persoas maiores. Aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do avellentamento. Novos roles da persoa maior na nosa sociedade. Programas, actuacións e recursos no concello de Poio.

Tema 23. O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Poio.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:DYQR863AUAHNBW6O

Tema 24. Evolución do marco normativo en materia de infancia. Da Declaración de Dereitos Humanos ata hoxe.

Tema 25. A familia e os menores: cambios na sociedade neste ámbito. Aspectos psicosociais da infancia. Menores en conflito social. Intervencións en situacións de desprotección infantil.

Tema 26. Programas e servizos para os menores e as familias a nivel autonómico e local.

Tema 27. Adolescencia e xuventude, aspectos psicolóxicos e sociais. Actuación do traballador social.

Tema 28. Normativa estatal, autonómica e local verbo da muller. Protocolo de actuación en situacións de violencia de xénero.

Tema 29. Mulleres en situación de dificultade social. Programas, servizos e recursos no ámbito autonómico e local.

Tema 30. Minorías étnicas e integración. Aspectos sociodemográficos e culturais. Situación no concello de Poio.

